**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA "SOBRES A" E "SOBRES B" DO CONTRATO DE SUBMINISTRO EN RÉXIME DE RENTING DE TRES NOVAS FOTOCOPIADORAS PARA O CONCELLO DE PONTE CALDELAS.**

Reunidos no salón de actos da casa consistorial, o día 28.01.15, ás 14:00 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato de SUBMINISTRO EN RÉXIME DE RENTING DE TRES NOVAS FOTOCOPIADORAS PARA O CONCELLO DE PONTE CALDELAS por procedemento aberto, formada por D. Perfecto Rodríguez Muíños, que actuará como presidente, Dª. Elvira Crespo Casal (secretaria acctal. da corporación), Dª Maruxa Cabaleiro Cuíñas (interventora da corporación) e Miguel Estévez Malvar (técnico medio de información xuvenil), que actuarán como vogais, e, por último, Dª Celia Rodríguez Adán, funcionaria dos servizos xerais, que actuará como secretaria da mesa.

Despois da constitución da mesa, a secretaria procede ao reconto das proposicións presentadas, dando conta á mesa do número de proposicións recibidas na forma e prazo correspondentes e o nome dos licitadores.

Procédese a continuación á cualificación previa dos documentos achegados no tempo e forma correspondentes (Sobre A) e o presidente ordena a comprobación das declaración responsables presentadas nas que se indican que se cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa administración (Anexo I).

Unha vez feitas estas comprobacións se admiten as seguintes empresas:

| EMPRESA | DATA DE PRESENTACIÓN | Nº REXISTRO ENTRADA |
|---|---|---|
| 1.NEA F3 IBÉRICA, S.L.U. | 12/01/2015 | 65 |
| 2.CANON ESPAÑA, S.A. | 15/01/2015 | 89 |
| 3.FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. | 15/01/2015 | 93 |

A continuación, as 14:15 horas, en sesión pública, se procede a apertura dos sobres B.

O presidente acorda proceder a examinar formalmente as ofertas presentadas e a secretaria dá fe da relación de documentos que constan.

A mesa de contratación a continuación declara admitidas as seguintes proposicións:

1. Nea F3 Ibérica, S.L.U.
2. Canon España, S.A.
3. Fornecementos galegos, S.L.

No cadro seguinte se reflexan as propostas das tres empresas admitidas:



Avda. de Galicia, 17 _ Teléfonos 986 750 013 / 986 750 001 _ Fax 986 750 020 _ 36820 Ponte Caldelas (Pontevedra)
www.pontecaldelas.org

C.I.F. P_3604300_H

| EMPRESA | 1. OFERTA ECONÓMICA | | |
|---|---|---|---|
| | 1. OFERTA | 1. DIFERENCIA | 1. PUNTOS |
| NEA | 7.689,21 € | 1.990,79 € | 7,65 |
| CANON | 7.078,50 € | 2.601,50 € | 10,00 |
| FOGA | 9.226,71 € | 453,29 € | 1,74 |

| | |
|---|---|
| Prezo máximo | 9.680,00 € |
| Mellor oferta | 7.078,50 € |
| Diferencia | 2.601,50 € |

| 2. MELLORA CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2.1.VELOCIDADE | 2.1.PUNTOS | 2.2. MEMORIA DD | 2.2. PUNTOS | 2.3.PC-FAX | 2.3. PUNTOS | 2.4. ESCANER | 2.4. PUNTOS | 2.5. ALIMENTADOR | 2.5. PUNTOS |
| 3 | 0 | 310 | 2 | SI | 2 | 10 | 0,5 | 20 | 0,4 |
| 5 | 0,5 | 150 | 2 | SI | 2 | 10 | 0,5 | 20 | 0,4 |
| 5 | 0,5 | 310 | 2 | SI | 2 | 20 | 1 | 70 | 1,4 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| lotes impresións | 5 | lotes Gb | 10 |
| puntos impresión | 0,5 | puntos Gb | 0,25 |
| máximo 2 puntos | | máximo 2 puntos | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| dixitalización | 5 | alimentador | 1 |
| puntos | 0,25 | puntos | 0, |
| máximo 2 puntos | | máximo 2 puntos | |

| 3. COSTE COPIA | | | | 4. OUTRAS MELLORAS | | | | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3.1. A4 BN | 3.1. PUNTOS | 3.2. A4 COLOR | 3.2. PUNTOS | 4.1. LOTE A4 BN | 4.1. PUNTOS | 4.2. LOTE A4 COLOR | 4.2. PUNTOS | |
| 0,0079 | 0,76 | 0,05136 | 0,66 | 500 | 1 | 0 | 0 | 14,97 |
| 0,006 | 1,00 | 0,05 | 0,68 | 0 | 0 | 0 | 0 | 17,08 |
| 0,00658 | 0,91 | 0,03378 | 1,00 | 1000 | 2 | 500 | 1 | 13,55 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| menor coste | 0,006 | menor coste | 0,03378 | lotes copias | 100 | lotes copias | 100 |
| puntos | 1 | puntos | 1 | puntos | 0,2 | puntos | 0,2 |
| máximo 1 punto | | máximo 1 punto | | máximo | 2 puntos | máximo | 2 puntos |

A Mesa de Contratación, á vista das puntuacións obtidas tendo en conta o recollido nos PCAP e no PPT, clasifica as proposicións presentadas polos licitadores co seguinte orde decrecente:

1. CANON ESPAÑA,S.A.(17,08 puntos)
2. NEA F3 IBÉRICA, SLU.(14,97 puntos)
3. FORNECEMENTOS GALEGOS, SL (FOGA) (13,55 puntos)

E, polo tanto, proponse declarar como oferta máis vantaxosa do contrato de Subministro en réxime de renting de 3 novas fotocopiadoras, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, á empresa **CANON ESPAÑA, S.A.**., ao obter unha puntuación de **17,08 puntos**, axustándose ó PCAP e ó PPT, coas seguintes ofertas:

**1. Baixa no prezo:**

- Que oferto TRES máquinas fotocopiadoras en réxime de renting por un prezo de CINCO MIL OITEOCENTOS CINCUENTA EUROS (5.850,00 €) SEN IVE cun IVE de MIL DOUSCENTOS VINTE E OITO CON CINCUENTA EUROS (1.228,50 €) resultando un total de SETE MIL SETENTA E OITO CON CINCUENTA EUROS (7.078,50 €) IVE INCLUÍDO.

C.I.F. P_3604300_H

**2. Melloras Técnicas:**

Que as máquinas fotocopiadoras ofertadas presentan as seguintes melloras técnicas con respecto aos mínimos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas:

- Unha velocidade de impresión de: 5 impresións/minuto máis das esixidas.
- Unha capacidade de memoria de: 150 Gb máis dos esixidos.
- Unha velocidade de dixitalización do escáner de: 10 máis da esixida.
- Un alimentador: nº de follas de: 20 máis das esixidas.
- Fax: PC Fax sí incluído.

**3. Custo copia sen IVE:**

Que oferto un custo copia/impresión A4, branco e negro, de 0,006 € prezo copia/impresión.

Que oferto un custo copia/impresión A4 cor de 0,05 € prezo copia/impresión.

**4. Outras melloras a ofertar: Lotes de copias sen custo para o Concello:**



Avda. de Galicia, 17 _ Teléfonos 986 750 013 / 986 750 001 _ Fax 986 750 020 _ 36820 Ponte Caldelas (Pontevedra)

www.pontecaldelas.org

Que ofrezo lote de 0 copias ou impresións por cada fotocopiadora, mensual, A4 branco e negro.

Que ofrezo lote de 0 copias ou impresións por cada fotocopiadora, mensual, A4 cor.

O presidente dá por terminada a reunión ás 14:30 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, a secretaria, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

En Ponte Caldelas a 3 de febrero de 2015.

A mesa de contratación.

O Presidente: A Secretaria:

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños Asdo.: Celia Rodríguez Adán.

Vogal: Vogal:

Asdo.: Maruxa Cabaleiro Cuíñas Asdo.: Elvira Crespo Casal

Vogal:

Asdo: Miguel Estévez Malvar